



DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

a) Anexo II para a comprobación dos membros computables da unidade familiar.

- Para os seguintes documentos si a persoa solicitante e/ou os membros computables se opoñan a esta

consulta, deberán indicalo no cadro correspondente, ademais de achegar os documentos xustificativos:

- DNI ou NIE
- Certificado do grao de discapacidade recoñecido pola Xunta de Galicia
- Percepción de pensión por incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, ou de

pensión de clases pasivas por xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade (equivalente a unha discapacidade igual ao 33%)

- Para a declaración do imposto sobre as persoas físicas ou, a falta deste, o certificado de imputacións de renda do exercicio 2021 será necesario o consentimento expreso. No caso de non autorizar a consulta deberán achegar os documentos xustificativos.

b) Se o solicitante posúe DNI ou NIE:

- Copia do libro de familia ou equivalente onde figuren todos os membros computables.
- En caso de separación ou divorcio, ademais deberán achegar a sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/a menor.

Nos casos especiais, en que a composición da unidade familiar non se axuste ao sinalado no artigo 4.1 desta orde, achegarase un certificado ou volante de convivencia no que deberán figurar o/a alumno/a e todos os familiares que convivan con el/ela, ou un certificado dos servizos sociais do concello que acredite a situación familiar.

c) Certificado acreditativo do grao de discapacidade, se fose o caso, recoñecido por un órgano que non pertenza á Xunta de Galicia.



- d) Violencia de xénero: Acreditarase en calquera das formas que enumera o artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- e) Resolución xudicial de curatela representativa ou de patria potestade prorrogada ou rehabilitada mentres non se produza a revisión desta medida. no caso que corresponda.
- f) Resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento ou certificado do centro de menores para o alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia.
- g) Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia, no caso de que o pai e a nai ou o titor e titoras carezan de DNI e NIE.